



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Variedades do Español		Código	613G01032
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Gonzalez Garcia, Luis	Correo electrónico	luis.gonzalezg@udc.es	
Profesorado	Gonzalez Garcia, Luis	Correo electrónico	luis.gonzalezg@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudiaranse as variedades diatópicas, diafásicas e diastráticas do español actual. O eixe da materia serán as variedades xeográficas, que se abordarán tamén nos seus aspectos diafásicos e diastráticos.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se prevén modificacións nos contidos. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen - Actividades iniciais. - Traballos tutelados - Obradoiro - Sesión maxistral. *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado -Correo electrónico. Diariamente. Utilizarase para atender as consultas de tipo particular do alumnado. -Moodle. Varias veces por semana, segundo as necesidades. Usarase para proporcionar ao alumnado o material necesario para a docencia e avaliación. Tamén se utilizarán distintos tipos de foros para resolver consultas de carácter colectivo sobre a elaboración das actividades de obradoiro ou sobre o contido das sesións expositivas. -Teams. Semanalmente. A docencia expositiva e de titorías en grupos reducidos realizarase mediante videoconferencia no horario aprobado pola xunta de facultade. Para a titorización do traballo tutelado utilizaranse os anteriores medios (correo electrónico e Teams para consultas individuais ou de grupo reducido. Os foros de Moodle para consultas de tipo xeral). 4. Modificacións na avaliación Non se realizan modificacións. *Observacións de avaliación: Tanto o traballo tutelado coma as actividades do obradoiro deberán ser realizados telematicamente. O material coa gravación e transcripción dos textos será depositado en Moodle. O traballo tutelado será titorizado por vía telemática (correo electrónico, Moodle, Teams). 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Ningunha.			



Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A18	Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.
A19	Dominar a gramática da lingua española.
A20	Coñecer a situación sociolingüística da lingua española.
A21	Coñecer a variación lingüística da lingua española.
A22	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua española.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento e aplicación das metodoloxías da Dialectoloxía.	A1 A2 A3	B7	
Coñecemento da variación lingüística do español	A10 A14 A15 A20 A21	B1 B3 B5	C4
Coñecemento da formación e desenrolo das distintas variedades diatópicas do español.	A15 A18 A20 A21 A22	B5 B8	C4



Coñecemento das variedades de uso do español.	A1 A2 A3 A5 A10 A20 A21	B5 B7 B8 B10	C1
Análise, comentario e identificación de textos orais o escritos das diferentes variedades do español.	A1 A2 A3 A9 A10 A20 A21	B2 B8	C1
Coñecemento e recoñecemento das características das principais variedades diatópicas do español.	A1 A2 A11 A19 A21	B1 B5 B6 B8	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A variación na lingua	1.1. Lingua histórica e lingua funcional. Lingua e dialecto. 1.2. Variación difásica. 1.3. Variación diastrática. 1.4. Variación diacrónica. 1.5. Variación diatópica.
2. Variedades diatópicas do español. A variación dialectal en España	2.1. Introducción: a formación das linguas en España 2.2. Variedades históricas romances que perviven actualmente: 2.2.1 Asturiano-leonés. Límites e variedades. Situación actual. Características 2.2.2. Aragonés. Límites. Situación actual. Características 2.3. Variedades sintópicas meridionais do español: 2.3.1. Características xerais 2.3.2. O andaluz. Modalidad oriental e occidental
3. Variedades diatópicas do español. O español de América	1. Orixe. Español de América, andaluz e canario. O español atlántico. 2. División dialectal do español de América. 3. Principais rasgos do español de América.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A22 A21 A20 A18 A15 A14 A11 A9 A5 A3 A1 B1 B2 B3 B6 B7 B8 B10 C1	1	29	30
Obradoiro	A2 A3 A9 A10 A11 A15 B5 B8	12	30	42
Actividades iniciais	B1 B6	1.5	0	1.5



Sesión maxistral	A1 A3 A18 A19 A20 A21 C4	15	22.5	37.5
Atención personalizada		1.5	0	1.5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Traballo no que aplicaránse os coñecementos adquiridos e os métodos propostos nas clases teóricas e nos talleres. O seguimento por parte do profesor, que será obrigatorio, poderá facerse en tutorías presenciais ou a través do correo electrónico.
Obradoiro	Análise e comentario de textos breves, orais ou escritos, de diversas variedades do español. Pode levar prácticas a través de TIC.
Actividades iniciais	Realizarase unha presentación do curso.
Sesión maxistral	Exposición teórico-práctica. Valorarase a participación do alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Obradoiro	As actividades dos talleres e especialmente o traballo tutelado realizaranse baixo un seguimento continuado do profesor, que se poderá facer en titorías presenciais ou a través do correo electrónico. Alumnos con dispensa académica: Nas titorías poderase proceder ao seguimento da súa actividade de xeito individualizado.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A22 A21 A20 A18 A15 A14 A11 A9 A5 A3 A1 B1 B2 B3 B6 B7 B8 B10 C1	Traballo no que se aplicarán os coñecementos adquiridos e os métodos propostos nas clases teóricas e nos talleres. Valorarase tamén o progreso do traballo a través das titorías (presenciais ou a través do correo electrónico) e a presentación na aula.	20
Obradoiro	A2 A3 A9 A10 A11 A15 B5 B8	Análise e comentario de textos breves de diversas variedades do español.	80

Observacións avaliación



Cualificarase como non presentado quen non entregue ningunha actividade.

Na segunda edición de actas (mes de xullo) poderanse recuperar todos os instrumentos de avaliación arriba descritos coas mesmas porcentaxes que na primeira edición. Só se cualificará como non presentado quen xa tivese esta cualificación na edición de actas da primeira oportunidade e ademáis non recupere ningunha actividade das pendentes.

Os traballos ou actividades enviaranse a través de Moodle ou correo electrónico, salvo que o profesor indique outra cousa. O estudante comprométese a gardar unha copia de cada traballo, en previsión de problemas na recepción.

Os traballos, actividades e exames deben cumprir as esixencias de corrección lingüística propias destes textos (ortografía, puntuación, precisión léxica, rexistro formal, discurso coherente e cohesionado, etc.). Penalizarase a nota dos escritos que non se axusten a esta norma.

O plaxio (é dicir, a utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a fonte de procedencia), mesmo parcial, ou calquera outra falta de honradez académica, dará lugar á descualificación automática da actividade.

Alumnos con dispensa académica recoñecida: aplicaráselles o mesmo sistema de avaliación (con maior flexibilidade nas datas, que se acordarán entre profesor e alumno).

Alumnos erasmus e estranxeiros: Recoméndase un nivel equivalente a B1 como mínimo para matricularse na materia. Ao final de curso, esixirase para superar a materia un nivel equivalente a B2.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Aleza Izquierdo, Milagros y Enguita Utrilla, José M.^a (coords.) (2010). La lengua española en América: normas y usos actuales. València: Universitat de València
 - Alvar, Manuel (dir.) (1996). Manual de dialectología hispánica. El español de América. Barcelona: Ariel
 - Alvar, Manuel (dir.) (1996). Manual de dialectología hispánica. El español de España. Barcelona: Ariel
 - García Mouton, Pilar (2007). Lenguas y dialectos de España. Madrid: Arco/Libros, 5.^a ed.
 - Lipski, John M. (1996). El español de América. Madrid: Cátedra
 - Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2011). Nueva gramática de la lengua española. Fonética y fonología. Madrid: Espasa
 - Coseriu, Eugenio (1981). 'Los conceptos de `dialecto', `nivel' y `estilo de lengua' y el sentido propio de la dialectología?'. Lingüística Española Actual, III, pp. 1-32.
 - Frago Gracia, Juan Antonio y Franco Figueroa, M. (2001). El español de América. Cádiz: Universidad de Cádiz
 - Narbona, Antonio; Rafael Cano, y Ramón Morillo-Velarde (1998). El español hablado en Andalucía. Barcelona: Ariel
 - Sánchez Méndez, Juan (2003). Historia de la lengua española en América. Valencia: Tirant Lo Blanch
-



Bibliografía complementaria	- Abad Nebot, Francisco (1982). "Variedades dialectales y literarias de la lengua", en VV. AA.: Introducción a la lingüística. Madrid: Alhambra, pp. 285-313 - Ariza, Manuel (1994). Comentario de textos dialectales. Madrid: Arco/Libros - Fontanella de Weinberg, Beatriz (1992). El español de América. Madrid: MAPFRE - Frago Gracia, Juan Antonio (1993). Historia de las hablas andaluzas. Madrid: Arco/Libros - Frago Gracia, Juan Antonio (1996). Andaluz y español de América: historia de un parentesco lingüístico. Sevilla: Junta de Andalucía - Piñeros, Carlos-Eduardo (2006-11). Dialectoteca del español. Iowa: University of Iowa (http://www.uiowa.edu/~acadtech/dialects/). - Narbona Jiménez, Antonio (coord.) (2009). La identidad lingüística de Andalucía. Sevilla: Centro de Estudios andaluces, Junta de Andalucía - Sánchez Rei, Xosé Manuel (2011). Lingua galega e variación dialectal. Ames: Edicións Laiovento - Saralegui, Carmen (1997). El español americano: teoría y textos. Pamplona: EUNSA - Vaquero, María (1998). El español de América I. Pronunciación. Madrid: Arco/Libros - Vaquero, María (1998). El español de América II. Morfosintaxis y léxico. Madrid: Arco/Libros En cada tema poderanse indicar máis referencias bibliográficas.
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Español Actual/613G01028

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías